

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **XV CARREIRA POPULAR VIGO+11 2023**

A **Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo**, co patrocinio do **Concello de Vigo** e a colaboración de **Atlántico Diario** e **Máis que Auga**, organizan a 15ª Carreira PopularVIGO +11. Esta proba está incluída no circuíto **Run RunVigo 2023**.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e estarán suxeitas ao seguinte:

### **REGULAMENTO**

#### **1.- Data:**

A proba celebrarase o **domingo 10 de decembro** de 2023 a partir das 10:30 horas na plaza da tellada (Máis Que Auga)

#### **2.- Saída e Meta:**

A saída e meta das probas será desde a Praza da Tellada (Mais que auga-Coia).

Ubicación -> <https://maps.app.goo.gl/m5DVesAA6yYctiZu5> .

#### **3.- Participantes:**

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, estean ou non federadas, habendo unha única clasificación conxunta de cada carreira programada. O control da carreira estará a cargo do comité galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. Os/as participantes deben cumprir as condicións de participación e inscrición reflectidas no presente regulamento.

#### **4.- Inscricións, prazos e prezos:**

As inscrición realizaranse a través da páxina web [www.magmasports.es/es/eventos/run-run-vigo-2023](http://www.magmasports.es/es/eventos/run-run-vigo-2023).

Prezos de inscrición:

- Categoría sub 18 e superiores: **10 €.**
- Categorias peques, sub 8, sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 : **GRATUITA.**

**O prazo de inscrición rematará o día 6 de decembro ás 23:59 horas.**



## 5.- Horarios, distancias aproximadas e Categorías:

CATEGORÍA	ANOS NACEMENTO	DISTANCIAS (Aprox.)	HORARIO
Sub 18 ata máster	2007 ATA MÁSTER	5 K ou 10 K	10:30 horas
Sub 14 - Sub 16	2008-2009-2010-2011	1.500 M	11:45 horas
Sub 12	2012-2013	1.000 M	12:00 horas
Sub 8 – Sub 10	2014-2015-2016-2017	500 M	12:15 horas
Peques	2018 ATA 2023	100 M	12:25 horas

**NAS PROBAS DE 5 K E 10 K APLICARANSE AS CATEGORÍAS DO CIRCUITO [Run RunVigo 2023](#).**

## 6.- Percorridos:

### Carreiras de nen@s:

As carreiras de nen@s desenvolveranse no entorno da **Praza da Tellada**, con saída e meta na mesma praza.

O percorrido para as categorías sub 8 ata sub 16 terán a súa SAÍDA na **Praza da Tellada**, a altura do acceso a **Máis que Auga**, para subir pola mesma plaza ata a **Rúa Quintela**, xirando en dita rúa para percorrer a **Rúa Ramón Buch**, xirando novamente a esquerda para baixar pola **Rúa Ángel Llanos** ata xirar a esquerda, entrando de novo na **Praza da Tellada** ata a liña de SAIDA/META. As distancias e número de voltas varían en función das diferentes categorías establecidas no presente regulamento.

Na categoría **peques**, a saída será aproximadamente 100 metros antes da liña de SAIDA/META e percorreren dita distancia ata a meta.

### Carreiras 5k e 10k:

A saída será desde a **Praza da Tellada** a altura do acceso a **Máis que AUGA** en dirección á **Rúa Quintela**. Logo accederase xirando a esquerda a **Avenida de Castelao** na dirección á **Praza de América**, atravesando dita praza para subir pola **Avenida Gran Vía** ata a altura da **Rúa Illas Baleares** onde faremos un xiro de 180 grados para volver baixando de novo pola **Avenida Gran Vía**. A continuación atravesarase novamente a **Praza de América** para subir pola **Avenida de Castelao** ata a altura da **Rúa O Grove**, onde faremos novamente xiro de 180 grados para baixar pola **Rúa Castelao** e xirar na **Rúa Ramón Buch**, onde collerase a esquerda hacia a **Rúa Ángel Llanos** xirando en dita rúa a altura da entrada da **Praza da Tellada** onde se dirixirán á liña de SAIDA/META. Este percorrido do 5 K farase dúas veces no caso da proba de 10 K.

## 7.- Entrega de dorsais :

Realizarase nas instalación de **Máis que Auga Coia** nos seguintes prazos:

- Sábado 9 de decembro desde as 10:00 ate as 21:00 horas;
- Domingo 10 de decembro na zona da saída a partir das 09:00 horas e ate media hora antes do inicio de cada proba.

**XUNTO CO DORSAL ENTREGARASE UNHA CAMISETA TÉCNICA SÓ OS PRIMEIROS 500 INSCRITOS  
NAS PROBAS DE 5K E 10K.**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Federación Galega  
de Atletismo**

#### 8.- Premios:

- Recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as, tanto masculinos como femininos, de cada categoría establecida no presente regulamento nas probas de nen@s, agás na categoría **peques onde** non haberá clasificación e onde recibirán unha medalla en meta pola súa participación na proba.
- Na proba de **5 K** recibirá trofeo o/a primeiro/a clasificado/a de cada categoría establecida no circuito **Run RunVigo 2023**.
- Na proba de **10 K** recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no circuito **Run RunVigo 2023**.

**Os premios entregaranse na praza de entrada a Máis Que Auga unha vez rematadas todas a probas.**

#### 9.- Descualificacións.

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o percorrido da proba, non levar o dorsal ou manipulalo, falsificar datos persoais ou manter un comportamento antideportivo.

Todo o non contemplado no presente regulamento resolverase segundo os regulamentos da **FGA, RFEA** e **World Athletics** en vigor, por esta orde, para probas en ruta.

#### 10.- Límite de tempo na proba de de 10 K.

Establécese un límite de 1 hora e 20 minutos para completar a proba de 10 K. A partir de ese momento pecharase o control de chegada e quen permaneza no circuíto o fará baixo a súa responsabilidade seguindo as normas de circulación.

#### 11.- Servizo de duchas e gardarroupa.

Haberá servizo de gardarroupa, nas instalación de máis que Auga-coia a disposición de tódolos participantes nas carreiras de 5 K e 10 K dende as 10:00 horas ata as 12:00 horas.

#### SERVIZO DE DUCHAS E SPA:

**Grazas a Máis Que Auga tódolos atletas participantes no evento poderán facer uso tanto das duchas como das instalacións da zona de SPA no horario establecido na instalación. Para poder facer uso do mesmo será necesario o uso de gorro de baño e chanclas.**

#### 12.- OUTRAS DISPOSICIÓNS REGULAMETARIAS.

Non está permitido o acompañamento na proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas **NON** inscritas que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

# CONCELLO DE VIGO



## SERVIZOS MÉDICOS

A organización contará con servizos médicos obrigatorios, dotando de ambulancia na zona de SAÍDA/META. Os servizos médicos e o Xuíz Árbitro da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

## SEGUROS

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e Accidentes Deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Afirmo que estou en bo estado físico para a disputa da proba, eximindo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse neste censo á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais membro da organización. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

## ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente **REGULAMENTO**, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e World Athletics, por esta orde, en vigor.

## LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

## NOTA:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Complexo Deportivo de Elviña Praza Agustín Díaz, s/n – Salas 15 – 16 – 17, 15008 A Coruña.